

SETEMBRO 2020
Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Setembro 2020

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19
VIAXEIROS	3.470.747	-68,6%	209.612	-60,3%
NOITES	8.118.654	-78,4%	414.237	-60,0%
ESTADÍA MEDIA	2,34	-31,3%	1,98	0,8%
% OCUPACIÓN	26,54%	-40,55	23,41%	-26,63
% OCUPACIÓN Fds	34,24%	-37,48	28,44%	-28,95

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Desde o día 21 de xuño, e de acordo ao Real Decreto 555/2020, finaliza o estado de alarma permitíndose a mobilidade da poboación en todo o territorio estatal. Nese contexto de eliminación das restricións con carácter xeral, o INE estima que neste mes de setembro abriron en Galicia un total de 1.391 establecementos hoteleiros –dos 1.638 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron un total de 58.651 prazas –das máis de 68 mil de setembro de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 14,0%, isto é, neste mes ofertáronse o 86% das prazas que habitualmente están dispoñibles no mes de setembro –porcentaxe levemente inferior á observada no verán-. Tal circunstancia mellora en todo caso os datos dos meses anteriores cando nun contexto de desescalada e restricións de aforo e da mobilidade a oferta dispoñible estaba moi por debaixo dos niveis do pasado ano.

Con carácter xeral os resultados son obviamente negativos rexistrándose caídas importantes en todas as variables.

Fixamos a continuación as principais conclusións:

- Comportamento negativo das principais variables de demanda hoteleira de Galicia. Neste mes cae nun 60% tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda do mes de setembro con preto de 210 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 414 mil noites –en setembro de 2019 rexistráranse algo máis dun millón-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de case 320 mil viaxeiros aloxados e de algo máis de 620 mil noites en relación ao mes de setembro de 2019.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con fortes caídas da demanda que van do 40% en Asturias e 49% en Cantabria e Aragón –as cifras máis baixas pero aínda así moi destacadas- ao 94% de descenso en Baleares –comunidade que perde a totalidade das noites hoteleiras de setembro do pasado ano, pasando de nove millóns en 2019 a medio millón agora en 2020-. Neste sentido, a pesar do descenso xeneralizado obsérvase que destinos do norte peninsular -Asturias e Cantabria neste caso- resisten mellor o forte impacto da crise provocada polo Covid19. Os destinos insulares, moi dependentes do turismo internacional

neste caso, xunto con Madrid e Cataluña sofren en maior medida estas consecuencias con caídas que igualan ou superan o 80% interanual –e acadan o 94% no caso de Baleares-.

- Con diferenzas de intensidade este patrón repítese en relación ao observado no verán, sendo por un lado Asturias e Cantabria os destinos de mellor comportamento relativo e, por outro lado, Canarias e Baleares os que peores resultados colleitan.
- A nivel global a caída da demanda no conxunto de España sitúase no 78,4% para o número de noites.
- Andalucía –con 1,8 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que neste mes lidera o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal –absorbendo o 22,3% do total de España-. Acontece isto por terceira vez neste ano –tamén nos meses de xullo e agosto- mais por vez primeira na serie histórica pois habitualmente Andalucía fica por debaixo de destinos como Canarias, Baleares ou Cataluña –en función da temporada-. Neste ano, e como consecuencia do maior impacto xerados nestes últimos destinos, Andalucía consegue mellores resultados en termos relativos e encabezar o ranking de principais destinos a nivel estatal.
- Logo de Andalucía, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con preto de 1,3 millóns de pernoctacións-, Canarias –con algo menos dun millón- e a C. Valenciana –con algo máis de 850 mil noites neste caso-. Estas catro comunidades absorben en conxunto ao 60% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe restante repártese no resto do territorio, situándose á cabeza deste segundo grupo Baleares e Madrid –con medio millón de noites cada unha aproximadamente-.
- Galicia ocupa neste mes a sétima posición –por detrás das seis anteriores- representando o 5,1% do total estatal –porcentaxe superior á que habitualmente rexistra a nosa comunidade e moi próxima á que tiña no verán-.
- En termos de mercado obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con importantes descensos dos tres grandes segmentos aínda que con diversa intensidade.
- O turismo interno, dos residentes en Galicia, rexistra unha caída do 29% na cifra de viaxeiros aloxados e do 34% no volume de noites hoteleiras, cifras importantes pero inferiores ás presentadas polos dous restantes segmentos, aínda que superiores ás que se rexistraban nos pasados meses de xullo e agosto. Este descenso supón unha perda de pouco máis de 70 mil noites en relación ás cifras de setembro do pasado ano, rexistrando en total máis de 137 mil –a cifra máis baixa de cando menos os últimos vinte anos-.
- O turismo nacional presenta unha forte caída próxima ao 50% na cifra de viaxeiros aloxados –rexistrando preto de 111 mil- e do 54% no volume de noites –con máis de 233 mil neste caso-. En termos absolutos o descenso supón a perda de case 271 mil noites en relación ao dato de setembro do pasado ano, acadando con isto o nivel máis baixo da serie histórica. Con todo, segue a ser o segmento máis importante representando o 56% do total da demanda neste último mes do terceiro trimestre.
- O turismo internacional participa igualmente da dinámica negativa pero con peores resultados, na liña do que se vén observando nestes últimos meses. Rexistra unha caída global do 86% no volume de noites hoteleiras como consecuencia dun descenso parello da cifra de viaxeiros estranxeiros, case do 90% neste caso. Con isto o mercado internacional rexistra apenas 44 mil

noites nos establecementos hoteleiros de Galicia –en setembro do pasado ano este segmento superaba as 320 mil noites-.

- Tal como se vén observando nos últimos meses, neste contexto negativo cambia lixeiramente a estrutura do mercado turístico gañando peso o turismo de ámbito nacional, singularmente o interno –mellora en trece puntos o seu peso absorbendo o 33% do total, e en oito puntos o receptor nacional co 56%- e perdendo representatividade o turismo internacional –pasa dunha cuota de mercado do 31% en setembro do pasado ano a case o 11% actual-.
- A nivel territorial o comportamento é tamén negativo, con fortes descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma do volume de noites nas catro provincias galegas. As caídas da demanda sitúanse no 66% en A Coruña, no 57% en Lugo, no 42% en Ourense e no 58% en Pontevedra – porcentaxes referidas ás pernoctacións-. En termos comparativos é Ourense a provincia que presenta os descenso menos acusados, na liña do que se viña observando nos últimos meses.
- Con preto de 181 mil noites Pontevedra é neste mes a provincia que presenta maior nivel de demanda –representa o 44% do total de Galicia-. Seguen en orde de importancia A Coruña –co 33% e algo máis de 138 mil noites-, Lugo –co 13,2% e 55 mil noites- e Ourense –provincia que neste mes se sitúa en último lugar co 9,7% do total e pouco máis de 40 mil noites-.
- Neste contexto de caídas a estadía nos hoteis e pensións de Galicia mantense relativamente estable –nun sentido estrito sobe un 0,8%-, situándose en dúas noites de media. Estabilízase a estadía media por segundo ano consecutivo –en contextos ben diferentes- logo de rexistrar incrementos consecutivos no período 2016-18. Con isto a estadía media do mes de setembro mantense nas dúas noites de media por terceiro ano consecutivo.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 4,5 noites de media, mentres que Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.
- O forte descenso do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –tal como se comentou anteriormente o volume de prazas ofertadas cae un 14,0% en relación ao dato do pasado ano-. Con todo este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación, de case 27 puntos porcentuais, para situarse no 23,4% de media para este mes –en setembro de 2019, cun volume de oferta superior, rexistrouse unha ocupación media do 50,0%-.
- O descenso do nivel de ocupación atinxe a todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. Castela A Mancha, xunto con Aragón e Asturias, marcan por unha banda a caída menos acusada, do contorno dos 16-17 puntos porcentuais, mentres que no lado contrario os descenso máis notorios sitúanse en Baleares –cunha perda de 56 puntos neste caso-.
- Desta maneira o ranking varía levemente en relación ao pasado ano. Igual que acontecera en agosto, Cantabria e Asturias son os destinos que neste mes rexistran o nivel de ocupación máis alto de toda España, cun 36,7% de media na primeira e cun 34,6% na segunda. No lado contrario sitúase Castela A Mancha, cun 20,6% neste caso. Neste contexto Galicia mantén a súa posición no grupo de comunidades coas cifras máis baixas, superando soamente os niveis de Estremadura, Castela e León, Madrid e Castela A Mancha.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes, un 4,3% en particular, para situarse en 57,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada. Caen as tarifas por vez primeira nos últimos sete anos

pois hai que remontarse a setembro de 2013 para observar un descenso dos prezos, do 1,3% naquel caso. Con todo, a cifra deste ano sitúase por debaixo das rexistradas en 2018 e 2019 mais por encima das observadas en anos anteriores.

- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que presenta un comportamento negativo. En síntese, as tarifas caen en todos os destinos agás en Extremadura e Asturias –comunidades nas que soben un 2,7% e 1,0% respectivamente-. Os descensos máis suaves rexístranse en Castela e León e en Aragón –por debaixo do 2% interanual- e os máis acusados en Madrid –destino no que as tarifas hoteleiras descenden un 42% en relación ao pasado ano-.
- Con todos as tarifas medias varían sensiblemente dunha comunidade a outra, rexistrando as cifras máis elevadas Baleares –con 95,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada- e Canarias –con 90,5 euros-, e no lado contrario os niveis máis baixos en Castela e León, Galicia e Aragón –con pouco máis de 57 euros- e Castela A Mancha –con 53 euros neste caso-.
- A caída do nivel de demanda e ocupación, engadido ao leve descenso dos prezos hoteleiros, leva neste mes a un notable empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira no conxunto da comunidade. O RevPAR hoteleiro cae un 54,3% situándose en 15,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 27,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de setembro. No lado contrario Castela A Mancha marca o valor máis baixo, con 13,6 euros neste caso. Neste contexto Galicia a segunda cifra máis baixa do conxunto do Estado.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo a nivel das comunidades autónomas con caídas xeneralizadas do RevPAR hoteleiro que van do 32% en Asturias –destino de mellor comportamento en termos relativos- ao 80% en Madrid.
- En termos absolutos, os establecementos hoteleiros de Galicia rexistraron neste mes de setembro uns ingresos totais de máis de 14,7 millóns de euros, cifra inferior á do mesmo período do pasado ano –cae en realidade un 59,7%-, marcando desta maneira o nivel máis baixo de cando menos esta década. A perda achégase aos 22 millóns de euros en relación ao pasado ano.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Setembro 2011-20




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Setembro 2020




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Setembro 2020




Fig. 4. Evolución da estadia media. Setembro 2011-20




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Setembro 2011-20




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Setembro 2011-20

